

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA "ROSALÍA DE CASTRO" PARA O BACHARELATO INTERNACIONAL**

Na cidade de Santiago de Compostela, a 21 de outubro de 2005.

### **COMPARECEN**

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo, que actúa en nome e representación do CONCELLO DE SANTIAGO, do que é Alcalde. E da outra parte, Sr. D. Ubaldo Rueda Soto, que actúa en nome e representación do IES ROSALÍA DE CASTRO, do que é Director, con domicilio profesional na Rúa San Clemente, 3 e CIF: Q-6555198 H.

Comparece o primeiro en calidade de Alcalde-Presidente, en nome e representación do Excmo. Concello de Santiago de Compostela (en adiante Concello), con CIF P-1507900-G, e domicilio na cidade de Santiago de Compostela, Pazo de Raxoi - Praza do Obradoiro, en tanto que o segundo actúa en calidade de Director do IES Rosalía de Castro ( en adiante IES Rosalía de Castro) co CIF: : Q-6555198 H., e con domicilio profesional na Rúa San Clemente, 3 e CIF: Q-6555198 H.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade plena para o presente outorgamento na condición en que respectivamente interveñen e, en consecuencia,

### **MANIFESTAN**

A súa vontade de colaboración para apoiar o Bacharelato Internacional que está a promover o IES Rosalía de Castro na cidade de Santiago de Compostela.

## CONVEÑEN

I.- Que o Concello, co obxecto de propiciar e apoiar aquelas iniciativas que redunden na mellora das ofertas educativas dos cidadáns de Santiago, sobre todo dos máis novos, considera que é de interese apoiar ao IES Rosalía de Castro para o desenvolvemento do Bacharelato Internacional que se está a ofertar neste centro dende o ano 1989.

II.- O Bacharelato Internacional foi creado hai trinta anos pola Organización do Bacharelato Internacional (OBI) que é unha fundación educativa privada non governamental, sen ánimo de lucro, recoñecida polo Consello de Europa. Ten a súa sede en Suiza e ofrece o Programa do Diploma para os estudantes dos dous últimos anos de educación secundaria. Conta co auspicio da Unesco e de importantes fundacións internacionais, ademais involucra aproximadamente a 1000 colexios e institucións en máis de cen países.

O seu currículum prepara para a obtención do Diploma e para a obtención do Bacharelato LOXSE nunha condicións moi completas, que permite aos seus graduados cumprir cos requisitos de varios sistemas nacionais de educación. O modelo do seu programa de estudos non se basea no de ningún país, aínda que integra os mellores elementos de moitos deles. Os obxectivos xerais do B.I. son os de formar estudantes cunha educación equilibrada, co fin de facilitar a súa mobilidade cultural e xeográfica e promover o entendemento internacional a través da participación nunha experiencia académica.

A primeira promoción do Bacharelato Internacional do IEs Rosalía de Castro comezou no curso escolar 1989-90 e actualmente son 15 as promocións que teñen saído nese centro.

O orzamento total do Bacharelato Internacional para o curso 2004-2005 foi de 33.955,10 euros, dos que:

14.890,32 euros destínanse á Taxas anuais de matrícula  
13.064,78 euros destínanse á Taxas de matrícula para exames  
6.000,00 euros para a formación do profesorado

III.- O Concello de Santiago de Compostela aportará unha cantidade de 13.042 euros para sufragar os custes desta modalidade de ensino, que o concello de Santiago de Compostela ten contemplados nos Orzamentos do ano 2005, na partida económica 42200.48900/2005.

IV.- O IES Rosalía de Castro comprométese a promocionar e difundir este programa na cidade e a presentar unha Memoria das accións incluídas neste programa, donde se faga referencia aos mozos/as matriculados/as, actividades que se promoven, e outros datos que permitan ao concello de Santiago

estár informado en todo momento sobre o Bacharelato Internacional.

V.- O orzamento recollido neste Convenio destinarase a sufragar os gastos do Bacharelato Internacional do curso 2004-2005.

VI.- O IES Rosalía de Castro deberá xustificar o orzamento recollido neste Convenio antes do 10 de novembro de 2005.

VII.- Para a xustificación do orzamento recollido neste Convenio, o IES Rosalía de Castro comprométese a xustificar os gastos, de acordo co fin para o que se concedeu a subvención, que deberá realizarse presentando no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela a documentación xustificativa seguinte:

- ? Unha memoria final descritiva e valorativa do programa.
- ? Orixinal ou copia compulsada no Rexistro Xeral do Concello de Santiago das correspondentes facturas dos gastos realizados. Os gastos que se destinen ás axudas deberán referirse a gastos correntes do programa, en ningún caso poderán destinarse a investimento en equipamentos.

Toda factura deberá xuntar os seguintes requisitos: nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura; IVE ou imposto correspondente desagregado se procede; nome, enderezo, NIF ou CIF do beneficiario da subvención. Deberá facerse constar claramente o servizo prestado. As facturas levarán o selo ou a sinatura do expendedor da factura, coa expresión "recibín" ou "pagado".

- ? Balance económico no que figuren os gastos e ingresos totais da actividade.
- ? Declaración das subvencións recibidas doutras instancias para a mesma actividade ou proxecto.
- ? Certificacións da Administración competente de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social e Facenda.
- ? Fotocopia compulsada do CIF da entidade asinante do Convenio, neste caso O IEs Rosalía de Castro.
- ? Comunicar ao Departamento de Educación e Mocidade a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais.

VIII.- O incumprimento destas obrigas dará lugar á revogación da subvención.

IX.- O importe da subvención especificada neste Convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta de Caixa Nova 2080-035571-0040019333.

X.- O presente convenio estará vixente durante o ano 2005.

Os comparecentes, no concepto no que o fan, dan a súa conformidade ao presente convenio de colaboración, asinándoo por duplicado en proba da mesma, no lugar e data expresados no encabezamento.

Polo Excmo. Concello de  
Santiago de Compostela

Polo IES Rosalía de Castro

Xosé Antonio Sánchez Bugallo

Ubaldo Rueda Soto